



SINFONÍA ROMARÍA

Guía didáctica

David Fiuza Souto – Banda Municipal de Santiago de Compostela

Indice

I.INTRODUCCIÓN.....	2
CONTEXTO.....	2
GUÍA DIDÁCTICA	2
FICHA ARTÍSTICA	3
A MÚSICA	3
ESTRUTURA DO CONCERTO	4
II.CONTIDOS	5
A OBRA.....	5
ESCOLMA DA MÚSICA POPULAR UTILIZADA	9
O REXURDIMENTO	14
PASCUAL VEIGA.....	14
JOSÉ CASTRO GONZÁLEZ “CHANÉ”	15
EDUARDO PONDAL: “OS PINOS”	15
CURROS ENRÍQUEZ: “OS TEUS OLLOS”	17
DAVID FIUZA (Compositor e director).....	18
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....	18
MÚSICA FOLCLÓRICA GALEGA	19
CONTIDOS ESPECÍFICOS	20
III. ACTIVIDADES SUXERIDAS.....	24
ANEXOS	33
Anexo I: ‘A saia da Carolina’	33
Anexo II: Canon ‘Frere Jacques’	34
Anexo III: ‘A saia da Carolina’	34
Anexo IV: rondó	35
Anexo V: Canon-Fuga.....	36

INTRODUCCIÓN

CONTEXTO

A **sinfonía** é unha manifestación sonora que dá forma e unifica o discurso musical dende séculos atrás na historia da música. O termo grego *symphonia* vén a significar “acción de sonar en conxunto”, aínda que a través do paso do tempo a sinfonía foi evolucionando ata converterse nunha peza musical dividida en andamentos entre os cales se establece algún tipo de conexión compositiva.

A **romaría** ou romaxe vén de romeiro, un termo con orixe no latín que se empregou para designar ós peregrinos que buscaban chegar a Roma. Froito desta peregrinación xurdían as respectivas festas nos santuarios de destino, alcanzando o sentido festivo que hoxe ten unha romaría. En Galicia, unha romaría converteuse actualmente nun día de celebración e de festa, creando un contexto moi nutrido do noso propio folclore: música, danza, e moitos outros aspectos culturais propios.

As **bandas** de música en Galicia, en paralelo ás outras latitudes europeas, créanse a partir do século XIX imitando os modelos de músicas militares, cunha clara función social e de achegamento da música culta ó pobo. Na nosa terra, o nacemento das bandas ten a particularidade de estar ligada na súa orixe ás agrupacións folclóricas (grupos de gaitas), amenizando e participando nas romarías e actos sociais do noso pobo. É así que as bandas de música galegas teñen unha relevancia moi específica na cultura e no folclore galego, así como no achegamento da música sinfónica ó pobo.

O **Auditorio de Galicia** situado en Compostela é unha das salas sinfónicas de concertos máis importantes de Galicia. Trátase dun edificio emblemático, cunha acústica exquisita, e un emprazamento de grande beleza ó pé dun lago cheo de vida que preside o Xardín do Auditorio. Este edificio é a sede da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e da Orquestra Real Filharmonía de Galicia.

GUÍA DIDÁCTICA

Esta guía didáctica está elaborada coa intención de favorecer o desfrute e a comprensión do espectáculo por parte do alumnado. Pretende achegar ferramentas e crear un contexto para que o alumnado experimente o concerto da maneira máis eficiente e nutrida como sexa posible. Cada docente coñece perfectamente o nivel e as posibilidades do seu grupo de alumnos, de maneira que dispón de toda a flexibilidade e liberdade para adaptar a implementación proposta neste documento.

A guía estrutúrase en tres bloques xerais:

1.INTRODUCCIÓN: na que se ofrece unha información xeral sintetizada.

2.CONTIDOS: onde se aborda información máis concreta sobre a música, as competencias transversais, e sobre o desenvolvemento do concerto.

3.ACTIVIDADES SUXERIDAS: para suxerir exercicios prácticos que poidan orientar a unha maior conexión co espectáculo e o coñecemento dos seus contidos.

FICHA ARTÍSTICA

Guión, presentación e dirección musical: David Fiuza

Música popular: *"Himno Galego", "A saia da Carolina", "Ven bailar Carmiña", "O sacristán de Coimbra", "Alalá das Mariñas", "Os teus ollos", "O galopín", "O rodaballo", "Muiñeira de Chantada".*

Composición musical: David Fiuza

Intérprete: Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela

Duración: 50-60 minutos

Público: apto para todas idades; guión didáctico enfocado especialmente entre 10 e 18 anos

Lugar: Sala Mozart do Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela

A MÚSICA

A Sinfonía Romaría non é puramente unha composición; tampouco é exactamente un arranxo. Nace coa intención de manter con vida a música popular galega no contexto dunha obra en versión sinfónica. Máis que por un compositor, está escrita por un director de bandas galego, plenamente convencido da función social e do valor cultural que estas agrupacións desempeñan para nosa xente.

Así, a obra é un humilde intento de contribuír a xerar máis abundancia dunha tipoloxía de repertorio que a nosa cultura actual demanda: a música popular galega. Por isto está concibida para interpretar tanto nas salas de concertos, como na rúa, nas romarías, ou en calquera dos múltiples contextos de actuación dunha banda en Galicia.

A música popular de todos os galegos (esas cancións que practicamente ninguén descoñece), inténtase trasladar ó repertorio das bandas da actualidade para fomentar así a conexión das nosas agrupacións coa sociedade.

Co fin de acadar os obxectivos sociais, a linguaxe (harmónica e textural) empregada pretende resultar aparentemente sinxela para lograr unha conexión rápida e directa co público. Tamén cumprindo obxectivos pedagóxicos e culturais, no tratamento compositivo agóchase unha elaboración máis complexa, podendo ofrecerlle ó público a oportunidade de achegarse á estrutura da sinfonía clásica e ás súas características de estilo e discurso sonoro.

A sonoridade materialízase nunha instrumentación estandarizada e moderna, sen demandas excesivamente caprichosas do cadro organolóxico da banda.

ESTRUTURA DO CONCERTO

- Fragmentos musicais: *Himno galego, A saia da Carolina, O sacristán de Coimbra, Ven bailar Carmiña.*
- **Sinfonía Romaría (1º andamento): *Romance de Carolina e o sacristán***
- Fragmentos musicais: *Alalá das Mariñas, Os teus ollos*
- **Sinfonía Romaría (2º andamento): *Morriña, agarimo, loanza...***
- Fragmentos musicais: *O galopín, O rodaballo*
- **Sinfonía Romaría (3º andamento): *Retranca falcatrueira***
- Fragmentos musicais: *Muiñeira de Chantada*
- **Sinfonía Romaría (4º andamento): *Derradeira carallada: Muiñeira de Chantada***

CONTIDOS

A OBRA

Sobre o título, en primeiro lugar, o termo *Sinfonía* débese a que a obra está estruturada na forma da tradicional sinfonía clásica en catro andamentos, cos seus respectivos esquemas formais (forma sonata, *lied* ternario reexpositivo, *scherzo* en forma de minueto, e fuga final). En segundo lugar, a palabra *Romaría* é utilizada no sentido figurado que en Galicia entendemos por un acto social lúdico e festivo no que a música popular galega é un inequívoco nexo de unión.

Os temas da sinfonía proceden dunha escolma de melodías populares galegas, coñecidas practicamente pola totalidade do espectro xeracional da poboación.

A obra ten un compoñente cíclico debido a dous factores: por un lado, os temas principais (temas A) escollidos para os andamentos I, II e IV comparten o mesmo **motivo cíclico** como cabeza do tema (pentacordo ascendente); por outro lado, querendo homenaxear á música galega, aparece citado o '*Himno Galego*' para abrir e pechar a obra.

Por último, cada un dos catro andamentos trata de acomodarse a unha estrutura simétrica ou capicúa, sen deixar de cumprir os patróns formais determinados polas características da sinfonía clásica.

A obra está dedicada con todo o agarimo a Alejandro Piñeiro Rodríguez 'Ales' é a Banda de Lalín.

I – Romance de Carolina e o sacristán

É unha fantasía musical que emprega a forma sonata a modo de metáfora dunha relación amorosa entre dous temas; adicionalmente, ten un compoñente en defensa da igualdade de xénero presentando unha reexposición invertida (primeiro o tema B e por último o tema A).

Así, a fantasía está baseada no romance entre dous personaxes: Carolina e o sacristán, que son a personificación dos temas principais da sonata (Tema A: '*A saia da Carolina*' e Tema B: '*O sacristán de Coimbra*'). Carmiña é o terceiro personaxe, que se presenta como tema na ponte ('*Ven bailar Carmiña*'), e que actúa despois no desenvolvemento como celestina do romance, estando sempre presente na conexión dos temas A e B.

- **Preludio:** sección de contextualización. Aparece o '*Himno Galego*' (homenaxe á música galega) sobre unha textura polifónica, a cal servirá de idea para o II andamento; nesta polifonía imitativa déixase ver o **motivo cíclico** do Tema A

(*'A saia da Carolina'*). Na segunda frase preséntase o tema *'Ven bailar Carmiña'* mesturado con un canon do tema *'O sacristán de Coimbra'*. Conclúe a introdución coa segunda melodía de *'O sacristán de Coimbra'*.

- **Tema A:** o tema principal é *'A saia da Carolina'*, que presenta o motivo cíclico da sinfonía (pentacordo ascendente). Está tratado dende unha textura de contrapunto imitativo a catro partes, entrando o motivo do pentacordo en cada compás conectado co anterior e xerando unha escala. A segunda parte do tema está tratada tamén en canon a distancia de compás.
- **Ponte:** o tema *'Ven bailar Carmiña'*, xurde directamente enfiado dende o Tema A. Na textura contrapuntística atopamos un dobre canon: canon á 5ª do tema *'Ven bailar Carmiña'*, mesturado co canon baseado no próximo Tema B.
- **Tema B:** o tema escollido é *'O sacristán de Coimbra'*, que inicialmente contrasta polo seu movemento harmónico e polo seu perfil melódico horizontal e lírico. A textura é melodía acompañada; o primeiro acompañamento (madeiras) constrúese coas notas do tema *'Ven bailar Carmiña'*.
- **Desenvolvemento:** o tema *'Ven bailar Carmiña'*, coa súa función de celestina, actúa como un fío conductor en toda a sección. Construído en modulacións por terceiras, *Carmiña* acomete as funcións de celestina interactuando con cada un dos personaxes (temas) por separado, e por último todos xuntos:
 - aparición do Tema A na dominante (Fa maior)
 - tema *'Ven bailar Carmiña'* (Re menor), interacciona co Tema B,
 - tema *'Ven bailar Carmiña'* (Sib maior), interacciona co Tema A.
 - tema *'Ven bailar Carmiña'* (Sol menor), interacciona cos Temas A e B.
- **Reexposición:** os temas principais preséntanse de maneira inversa á exposición (primeiro Tema B e despois Tema A) como símbolo da igualdade de xénero que pretende manifestar esta forma sonata.
- **Coda:** a idea de concatenación da célula cíclica do Tema A vai creando unha escala que cubre o rexistro completo da banda.

II - Morriña, agarimo, loanza...

De intencións máis ben filosóficas, e con carácter reflexivo e contemplativo, é unha descrición do que podería ser a vida emocional dun galego. Sobre a estrutura de *lied* ternario reexpositivo (A-B-A), cada sección evoca respectivamente unha sensación ou sentimento: a morriña, o agarimo e a loanza.

- **Introdución:** presenta diversos acordes, aparentemente distantes, pero conectados por unha nota común (tónica). Simboliza o amplo espectro da beleza paisaxística da que podemos gozar os galegos: sen movernos da fiestra (nota común), percibimos imaxes paradisíacas totalmente diversas (acordes), as cales nos fan sentir sensacións diferentes a través de cada sonoridade.

- **Tema A:** emprega o ‘*Alalá das Mariñas*’, e pretende evocar a *morriña* galega tan característica (sentimento de nostalxia, serenidade, e infinito amor pola terra). O arranque melódico deste tema posúe o motivo cíclico da sinfonía (pentacordo ascendente). Está harmonizada con acordes coloreados e disonancias non resoltas, intentando reforzar o sentimento agri doce da *morriña*. Por tratarse dun sentimento íntimo, comeza cunha exposición solista (corno inglés), que posteriormente se expande a unha exposición *tutti*, salientando a característica dos galegos de compartir sentimentos e empatizar.
- **Tema B:** tomado da melodía de ‘*Os teus ollos*’ (canción de Chané), inspírase no *agarimo* (sentimento de cariño, admiración e tenrura). A primeira exposición, ó ser un sentimento de introspección, é realizada tamén por un solista; neste caso o óboe, por ser un timbre próximo ó da exposición do Tema A, pero cunha cor diferente, xa que o sentimento muda de cara a outro carácter. O discurso tamén combina música de cámara con *tuttis* (empatía). Nesta sección engádese o uso dunha pedal de tónica, como metáfora do amor infinito.
- **Reexposición Tema A:** a *loanza* é o sentimento no que converxen a *morriña* e o *agarimo*. Esta sección recapitula o ‘*Alalá das Mariñas*’, esta vez cun tratamento sonoro grandioso, en sinal de homenaxe, reverencia e orgullo que os galegos sentimos pola nosa terra. Ó ser unha exaltación da terra, a instrumentación baséase na da cita do ‘*Himno Galego*’ (Preludio do I andamento).
- **Coda:** péchase cos acordes da introdución; esta vez con maior densidade sonora para resultar rotundamente convincente esa visión paradisíaca da paisaxe.

III – Retranca falcatrueira

Ó concepto do *scherzo* dunha sinfonía, os galegos podemos chamarlle *retranca* (ese proceder de dicir as cousas metafóricamente, con ironía). Se ademáis manifesta intencións de facer falcatraudas, resulta acertado o nome de *retranca falcatrueira*.

Trátase dun andamento que busca o xogo, a vacilación e a broma constante. Os temas empregados son extraídos de dúas cancións, de características rítmicas suxerentes, que na súa letra xa presentan unha temática falcatrueira e chea de retranca: ‘*O voso galo: o Galopín*’ e ‘*O Rodaballo*’.

- **Divertimento:** a primeira falcatruada xa está no compás 1, que parece dar inicio a unha *jota* en Fa maior, pero falsamente, no segundo compás xa estamos en Re menor, comezando un divertimento inestable e modulante, variando o tema antes de presentalo.
- **Sección A:** a temática da canción ‘*O voso galo: O Galopín*’ preséntanos a un personaxe travieso e bulideiro, o cal se intenta retratar con carácter lixeiro e inqueda, reforzando a imaxe con caricaturescas falcatruadas rítmicas (hemiolias reiteradas).

- **Sección B (trío):** a canción mariñeira ‘*O Rodaballo*’ móstrase con carácter antifonal liderada por trombóns e bombardinos, que simbolizan as voces dos mariñeiros cantando. Continúan as trasnadas rítmicas (hemiolias) e efectos sonoros característicos dese ‘cantar de carallada’.
- **Transición:** sección modulante de cara á reexposición, na que os dous temas se mesturan mostrando as características que teñen en común.
- **Sección A (reexposición):** reaparece literalmente ‘*O voso galo: O Galopín*’.

IV – Derradeira carallada: Muiñeira de Chantada

A muiñeira por excelencia máis coñecida polos galegos é a ‘*Muiñeira de Chantada*’: excepcional protagonista no peche de calquera romaría que se prece. Desta peza extráense os temas para o último andamento: un *allegro* para danzar a ritmo de muiñeira con estrutura simétrica (A-B-A-B-A).

Describe unha romaría, a festa global na que todos participan e se divirten; desta maneira a exposición de ambos temas está pensada para que sexa alcanzada (interpretada) por case a totalidade dos instrumentos. Ademais, faise uso dos instrumentos de percusión tradicionais galegos (pandeireta, cunchas, tamboril, pandeiro e bombo), que tanta xente toca nas romarías para acompañar o canto e o baile.

- **Tema A:** a melodía en modo menor da ‘*Muiñeira de Chantada*’. Representa o inicio da festa. A exposición dunha fuga permítenos simbolizar esa apertura crecente en textura e volume (chegada progresiva dos festeiros), e fai que o tema vaia aparecendo por todos os rexistros como sinal da globalidade da romaría. A exposición do suxeito é por quintas (Sib-Fa-Do-Sol) en dirección ascendente. Esta fuga ten a particularidade de que o contrasuxeito 2º está construído co propio suxeito en canon.
- **Tema B:** as melodías en modo maior da ‘*Muiñeira de Chantada*’. Representa o fin da festa (en contraposición ó Tema A). Este contraste elabórase cunha exposición do tema comezando no rexistro máis agudo que viaxa paulatinamente ata o rexistro máis grave; esta sensación de descenso e peche (fin da romaría) reforzase cun alixeiramento progresivo da instrumentación e da dinámica. O Tema B está acompañado por un coral, construído a partir dos intervalos da propia cabeza do tema; os motivos deste coral crean un diálogo imitativo entre baixo e tiple que vai transitando por diversos ámbitos da instrumentación.
- **Tema A (central):** preséntase o Tema A dunha maneira aparentemente simple e menos polifónica, no rexistro central. O acompañamento redúcese a un baixo que funciona tamén como contrapunto, e complétase cunha textura rítmica nos instrumentos agudos, construída con motivos de ‘*Ven bailar Carmiña*’ (I andamento) e aportando imitacións melódicas co Tema A.


- **Tema B (reexposición):** presentación literal.
- **Tema A (reexposición):** repítese o esquema de exposición de fuga, pero esta vez á inversa (descenso de agudo a grave por quintas: Sol-Do-Fa-Sib).
- **Coda:** reaparición do '*Himno Galego*' para reforzar o carácter cíclico da obra, e reiterando a homenaxe á música galega. No derradeiro *allegro* da coda (ritmo de muiñeira) aparece a secuencia harmónica que dá identidade ó II andamento.

ESCOLMA DA MÚSICA POPULAR UTILIZADA

1-Himno Galego

O *Himno Galego* conxuga o poema *Os pinos* de Eduardo Pondal (1835-1917) coa música composta por Pascual Veiga (1842-1906) *ex profeso* para o poema, despois da correspondencia que os dous artistas manteñen en 1890. A composición foi estrenada nunha homenaxe póstuma a Pascual Veiga o 20 de decembro de 1907 no Centro Gallego de La Habana (Cuba). Establécese no Estatuto de Autonomía de Galicia como himno oficial dende o 29 de maio de 1984.

O *Himno Galego* comeza cunha introdución instrumental. Deste pequeno e solemne fragmento extráese a melodía para empregar como cita na *Sinfonía Romaría* (introdución do I andamento e coda do IV andamento).



 https://www.xunta.gal/o-himno-de-galicia?langId=es_ES

 <http://www.parlamentodegalicia.es/simbolos/gl/himno.html>

2-A saia da Carolina

Alegre e retranqueira, a ritmo de pasodoble, esta cantiga vai sobre *La Bella Otero* (a nena Agustina, que cando medra muda o seu nome por Carolina), personaxe que emigrou a Francia e destacou na *Belle Époque*. A picaresca letra narra que ten un lagarto pintado na saia, e conta con ironía como desperta paixóns entre os homes cando baila.

Na sinfonía empréganse ambas melodías da cantiga. A primeira da pé ó desenvolvemento compositivo (tendo ademáis o motivo cíclico da sinfonía), e a segunda simplemente aparece na exposición do Tema A.

Melodía 1

Melodía 2

 <https://www.musicafolk.es/a-saia-da-carolina-ten-un-lagarto-pintado/>


3-Ven bailar Carmiña

Trátase dunha cantiga popular que fala sobre o tema do amor. A través de metáforas, exprésase o desexo e necesidade de cortexar a unha namorada, empregando a danza como táctica. Na obra utilízase a melodía do estribillo.

4-O sacristán de Coimbra

Tema protagonizado por un sacristán, negligente e despistado, que aborda a temática do amor tamén a través das metáforas. A música das estrofas, en modo menor, é melancólica e narrativa; o estribillo, en modo maior, presenta un carácter alegre e desenfadado, no que se expresa en primeira persoa o sentimento do amor. Na obra faise uso das melodías completas.

Melodía estrofas




Melodía estribillo



5-Alalá das Mariñas

O alalá é un xénero folclórico cantado de carácter lírico. O nome é unha propia aliteración do canto, que solía ser interpretado *a capella*, nun estilo pausado, permitindo o uso de melismas e a liberdade rítmica. A letra do *Alalá das Mariñas* narra o afortunado que se sente un galego por vivir nun lugar marabilloso e por non faltarlle de nada; sen embargo laméntase pola ‘morriña’ que lle causa ter que afastarse da terra.

O material que se emprega para o II andamento da sinfonía é a melodía completa do *Alalá das Mariñas* en calidade de tema principal. Esta presenta tamén o motivo cíclico da obra no seu comezo.



 <https://folkotecagalega.com/pezas/alalas/alala-das-marinhas>

6-Os teus ollos

José Castro González (1856-1917), coñecido como ‘Chané’ foi un dos excelentes músicos galegos de finais do s.XIX, cunha actividade moi intensa na composición, na interpretación e no ensino (foi catedrático de Belas Artes). Mantivo unha relación moi

estreita co poeta Manuel Curros Enríquez (1851-1908), e musicou varios dos seus poemas, entre eles ‘Os teus ollos’ (unha declaración intensa de amor platónico).

Da versión para voz e piano (orixinal de ‘Chané’), extráese a melodía vocal completa para facer de Tema B no II andamento, e intentar reflectir ese sentimento de ‘agrimo’.



 <http://bdh.bne.es/bnearch/detalle/bdh0000159389>

7-O voso galo: “O Galopín”

De orixe popular, é unha das cancións máis integradas no repertorio do canto coral, cun arranxo polifónico a catro voces de Miguel Groba. A cantiga ten unha temática picaresca, agochada na metáfora dun galo, que representa a un mozo falcatrueiro, o cal revoluciona intencionadamente á correspondente moza.

Utilízase a melodía completa para a construción da sección A do III andamento.

A musical score for the song 'O voso galo: O Galopín'. It consists of three staves of music in 3/4 time, with a key signature of two flats. The first staff is labeled 'Melodía 1', the second 'Melodía 2', and the third 'Estribillo'. The melody is written in a single voice part.

 <http://lalusfecit-partituras.blogspot.com/2013/10/o-voso-galo.html>

8-O Rodaballo

Outra das máis famosas cancións populares é ‘O Rodaballo’, que fai alusión a un rodaballo que foi roubado nunha lancha para ser vendido na lonxa. A temática é


aparentemente superficial, pero retrata ironicamente os conflitos diarios entre os mariñeiros e entre as xentes de diferentes localidades.

Para construír o trío (sección B) do III andamento, selecciónase a melodía enteira da cantiga, caracterizada polo estribillo con ritmo en hemiolia.

Melodía 1



Melodía 2



Estribillo



 <https://www.musica.com/letras.asp?letra=2326911>

9-Muiñeira de Chantada

Os irmáns Manuel e Antonio Fernández compuxeron a ‘*Muiñeira de Chantada*’ en 1865 para ser estrenada nas festas da parroquia de A Veiga (Chantada). Os Gaiteiros de Soutelo acollérona no seu repertorio, dándolle unha divulgación importante. Esta muiñeira foi adaptada ó pop, ó rock, e a moi diversos estilos, chegando a ser posiblemente a muiñeira máis coñecida do repertorio galego popular.

Melodía modo menor



Melodía 1 modo maior



Melodía 2 modo maior



Dividida en 3 partes, a primeira melodía en modo menor (que contén o motivo cíclico da sinfonía) funciona de Tema A do IV andamento, estando o Tema B conformado polas dúas seguintes melodías en modo maior.

 <https://www.galiciaunica.es/muineira/>

O REXURDIMENTO

Na segunda metade do século XIX xurde un **movemento en defensa da lingua e cultura galegas** que se coñece co nome de Rexurdimento. Para levar a cabo a súa labor, os membros do Rexurdimento publicaron gramáticas e dicionarios da lingua galega, estudos sobre a historia de Galicia e crearon xornais e editoras. Nesta labor ten un papel fundamental de dinamización da lingua galega a literatura, sobre todo o cultivo da poesía.

Dentro do Rexurdimento pódense diferenciar dúas etapas:

- **Precusores do Rexurdimento (1838-1863)**. Unha serie de poetas comezan a empregar o galego como lingua literaria nas súas obras; entre eles destaca como gran precursor **Xoán Manuel Pintos**.
- **Rexurdimento pleno (1863-1888)**. A publicación de *Cantares Gallegos* de **Rosalía de Castro** supón a consolidación do movemento. Esta autora, **Eduardo Pondal** e **Curros Enríquez** son as tres figuras fundamentais da literatura do século XIX.

PASCUAL VEIGA

O músico lucense Pascual Veiga Iglesias naceu en Mondoñedo o 9 de abril de 1842, e vive ata o 12 de xullo de 1906. Inicia o seu contacto coa música como neno do coro da Catedral de Mondoñedo. Foi organista na Igrexa de Santo Domingo de Betanzos e na Colexiata de A Coruña, e chegou a ser profesor no prestixioso Conservatorio Nacional de Música de Madrid; tamén ten dirixido diversas agrupacións corais, sendo director fundador de El Nuevo Orfeón, posteriormente coñecido como El Eco; no ano 1889 gaña a medalla de ouro na Exposición Universal de París co Orfeón Coruñés nº4.



Entre as súas composicións destaca a Alborada Gallega, tamén coñecida como Alborada de Veiga, e a música do Himno Galego.

 <http://galegos.galiciadigital.com/gl/pascual-veiga-iglesias>

JOSÉ CASTRO GONZÁLEZ “CHANÉ”



José Castro González, máis coñecido polo alcume de “Chané”, xa que era membro dunha familia de músicos, intérpretes de instrumentos de corda pulsada, que tocaban nunha famosa rondalla chamada Chané. José Castro naceu en Santiago de Compostela o 16 de xaneiro de 1856 e finou en La Habana (Cuba) o 27 de xaneiro de 1917. Como instrumentista era virtuoso da guitarra e da cítara. Tamén foi compositor e director do Orfeón Coruñés, e máis tarde da Coral Polifónica

El Eco, co que obtivo importantes galardóns. Foi membro correspondente da Real Academia Galega.

Ingresou ós 19 anos no servizo militar, e foi catedrático de Belas Artes en A Coruña. Emigrou a Cuba, onde tivo unha estreita relación co poeta Manuel Curros Enríquez; desta relación xorde a musicalización de algúns dos seus poemas.

<https://emigracion.xunta.gal/es/conociendo-galicia/aprende/biografia/jose-castro-gonzalez-chane>

EDUARDO PONDAL: “OS PINOS”

Eduardo Pondal foi un poeta nacionalista galego nacido en Ponteceso, na comarca de Bergantiños, o 8 de febreiro de 1835 e finado en A Coruña o 8 de marzo de 1917. Criouse no seno dunha familia aristocrática e enriquecida pola fortuna cultivada do comercio na emigración americana. No 1848 marcha a Santiago de Compostela para estudar o bacharelato en Filosofía. Nun principio escribía en galego e en castelán, dándose a coñecer na cidade compostelá, especialmente coa lectura do seu “Brindis” no Banquete de Conxo (1856); alí entra en contacto con Rosalía, Murguía, Rodríguez Seoane, Aguirre... Dedicouse á medicina no corpo militar.

Entre a súa obra literaria destacamos:

- “A campana de Anllóns”, no libro *El Álbum de la Caridad* (1862)
- *Rumores de los pinos* (1877)
- *Queixumes dos pinos* (1886)
- *A campana de Anllóns* (1895)

A súa obra *Queixumes dos Pinos* foi escrita en 1886. Dende este momento xa só escribe en galego. Trátase dun breve poemario de rítmica sinxela, aínda que áspero e expresivo. Fala da liberdade do pobo en confrontación á opresión histórica de bardos populares e heroes antigos e liberadores, da natureza, das terras do Xallas; lanza o seu berro estridente e envexoso dos corvos que poden voar libres sobre os pinos,

cando non fai mención de animais errabundos coma os lobos, mentres coa súa tristura camiña polas corredoiras e bocarribeiras dos vales próximos. A partir dunha entusiasta política nacionalista sobre a rexión galega, pretende restaurar a enerxía e o espírito dos antepasados celtas.



Dende un romanticismo liberal e costumista, retoma a infancia enraizada na terra, na procura de utopías arqueolóxicas (dolmens, castros e menhires) que o arrastran de cara ós aborixes, ós antepasados da raza de Breogán. Soña cun futuro rehabilitado dunha Galicia liberada do seu paciente conformismo.

O poema “Os pinos” pertencente á obra Queixumes dos pinos é a letra oficial do Himno Galego:

¿Qué din os rumurosos
na costa verdecente
ó raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
do seu ben compasado
monótono fungar?

do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castro:
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.



Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais só os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
os bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán:
pois, donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1432210229/contido/eduardo_pondal.html

CURROS ENRÍQUEZ: “OS TEUS OLLOS”

Outro dos autores do Rexurdimento é Manuel Curros Enríquez, nacido na localidade Ourensana de Celanova o 15 de setembro de 1851, e finado na emigración en Cuba o 7 de marzo de 1908. Na súa xuventude trasládase para estudar Bacharelato e Dereito en Madrid, onde comeza frecuentar os círculos literarios. No período da súa migración a Cuba, dirixe o xornal La Tierra Gallega e colabora coa revista Galicia.

Da súa obra podemos destacar:

- *Cartas del Norte* (1875-76)
- *A Virxe do Cristal* (1877) (denunciada polo Bispo de Ourense por hexemonía e blasfemia)
- *Aires da miña terra* (1880)
- *O divino sainete* (1888)

OS TEUS OLLOS

Ten a serena o canto
i a serpe o alento,
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes de abondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a gloria do poeta,
o ouro do mundo:
Dera eso todo
por sólo unha mirada
deses teus ollos.



Buscan os pitorreises
pra faguer niño
a herba santa que nace
beira do río.
Eu busco solo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estreliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1432210229/contido/manuel_curros_enrquez.html

DAVID FIUZA (Compositor e director)

David Fiuza Souto nace en Vila de Cruces en 1985. Iníciase na música ós 11 anos tocando a gaita, e comeza os estudos de clarinete e linguaxe musical ós 12 anos na escola da Banda Artística de Merza. É titulado superior en Clarinete, Dirección de Orquestra e Coro e Dirección de Banda. Tamén ten realizado estudos superiores de Composición.

A súa labor sempre estivo enfocada de cara á dirección musical de bandas e á pedagogía. Foi director titular das bandas Unión Musical de Meaño, CIM “La Armónica” de Buñol, Banda Sinfónica da Federación Galega, Banda Artística de Merza e Banda de Lalín; como director convidado ten dirixido bandas e orquestras profesionais como as Bandas Municipais de A Coruña, Madrid, Palma de Mallorca, Pontevedra, Ourense, Norwegian Wind Ensemble, Runfunk Blaserorchestra Leipzig, etc.

Actualmente é o director titular da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e da Gran Canaria Wind Orchestra.



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que nace en 1848 como agrupación de afeccionados ata quen en 1876, en mans do Concello, comeza a profesionalizarse.

As súas actividades máis importantes son os concertos, que na temporada de outono-inverno-primavera son no Teatro Principal ou no Auditorio de Galicia, e na temporada de verán na Praza de Praterías; tamén ten unha presenza activa nas festas da cidade, as procesións de



Semana Santa, os concertos didácticos, intercambios culturais e actos protocolarios do Concello.

 <https://www.compostelacultura.gal/bandamunicipaldemusica>

 <https://www.compostelacultura.gal/x%C3%A9neros/m%C3%BAsica>

MÚSICA FOLCLÓRICA GALEGA

A música tradicional galega ten as primeiras referencias na Idade Media, conservando algún cancionero entre os que podemos destacar o *Pergamiño Vindel* e o *Pergamiño Sharrer* dos autores **Martín Codax** e **Don Dinis**, ou a relevancia das *Cantigas de Santa María* do rei **Alfonso X “O Sabio”**.



O mesmo **Pórtico da Gloria** da Catedral de Santiago é a evidente testemuña iconográfica de que os instrumentos empregados eran xa naquel tempo a **zanfona** ou a **gaita** (instrumento de vento, de dobre cana -palleta-, caracterizado polo uso de bordóns que emiten notas pedais -ronco, ronqueta e chillón-). No ámbito da percusión é característico o timbre autóctono do **bombo**, **tamboril**, **pandeireta**, **pandeiro**, **charrasco** ou as **cunchas** de vieira.

En canto ós ritmos ou aires que dan identidade á nosa música podemos mencionar:


- **Muiñeira:** en compás de 6/8, que se diferencia entre muiñeira nova ou muiñeira vella. É a danza por excelencia máis coñecida, de tempo rápido, e carácter danzable.
- **Pandeirada:** resulta ser unha variación da muiñeira, habitualmente en compás de 5/4.
- **Alborada:** en compás de 2/4 e ritmo moderado, que se acostuma a interpretar pola mañá, nos pasarrúas, como sinal de comezo da romaría.
- **Xota** ou **foliada:** danza estendida por toda a Península Ibérica, coas súas variantes rexionais. En Galicia, tamén se encaixa no compás de 3/4 ou 3/8, xeralmente cun carácter alegre, e pensada para cantar e bailar.
- **Alalá:** canto melancólico, de ritmo libre, que admite ornamentacións melódicas. Posiblemente é a manifestación máis antiga que temos en Galicia.

- **Pasodoble:** en compás de 2/4, e de orixe americana, é unha variación do pasodoble español, sendo pezas para bailar agarrados en parella.

CONTIDOS ESPECÍFICOS

I. Romance de Carolina e o sacristán

- **Forma Sonata:** estrutura tripartita (exposición-desenvolvemento-reexposición), na que se presentan 2 temas contrastantes en tons diferentes, que despois se van desenvolvendo con técnicas de composición (modulación, superposición, etc.) ata que se volven presentar unidos pola mesma tonalidade. A forma sonata presenta un paralelismo coa estrutura narrativa básica (presentación-nó-desenlace). Neste caso a sonata presenta tamén introdución (lenta, que servirá para pechar a obra no último andamento dando un carácter de sinfonía cíclica) e unha coda (para pechar máis hermeticamente a resolución tonal).
- **Imitación e Canon:** o tema A (“A saia da Carolina”) preséntase coa súa primeira melodía nunha textura imitativa a 4 voces, entrando cada unha voz a distancia rítmica de 1 compás, e a distancia interválica de 5ª, de maneira que ademais se crea unha escala contínua entre as voces.



A segunda melodía preséntase en canon directo á 8ª, a distancia de 1 compás.



- **Discurso musical:** as estruturas deseñadas pola forma sonata e polas divisións de cada tema e do esquema tonal, xeran unha arquitectura estrutural que permite enfiar o discurso e guiar ó oínte durante a interpretación musical, dende a comprensión e a conexión.
- **Xénero tradicional: o pasodoble:** os temas da sonata (“A saia da Carolina”, “Ven bailar Carmiña” e “O sacristán de Coimbra”) comparten o compás de 2/4 en tempo

allegro, presentándose en aire de pasodoble galego, elaborándose unha textura de acompañamento que facilita o carácter bailable.

- **Música popular:** achegamento e coñecemento das cancións populares anteriormente mencionadas, así como do Himno Galego (citado na introdución da sonata).
- **Introdución:** o rol que desempeña unha introdución nunha obra musical (neste caso de multiandamentos), creando un contexto tonal e un ambiente sonoro e estilístico, ademais de esbozar pequenos detalles que van aparecer na obra. Neste caso, na citación do Himno Galego podemos observar una textura de polifonía que vai estar moi presente en toda a obra; tamén observamos que o motivo contrapuntístico que acompaña ó Himno Galego é a cabeza do tema A (*"A saia da Carolina"*). A introdución continúa coa melodía de *"Ven bailar Carmiña"* que se mestura cun canon do tema *"O sacristán de Coimbra"*.

II. Morriña, agarimo, loanza...

- **Forma Lied ternario reexpositivo:** estrutura en tres seccións habitual nos tempos lentos das sinfonías. Presenta tamén introdución e coda, creando así unha forma absolutamente simétrica.
- **Acorde:** a harmonía pode ser un elemento protagonista na pedagogía deste andamento; na introdución empréganse unha secuencia con 10 acordes (o de tónica repetido 3 veces), creados todos cunha nota común: a tónica. Este recurso permítenos observar as propiedades sonoras que crea a construción dos acordes.



- **Nota pedal:** nota que está sempre presente a pesar dos movementos harmónicos dos acordes. A secuencia harmónica inicial da introdución e coda constrúese con esa nota común de tónica que ten carácter de nota pedal. Tamén a sección B do andamento (*"Os teus ollos"*) constrúese a partir dunha nota pedal de tónica no baixo.
- **Expresión ou poética musical:** este andamento ten un carácter evocador ou descritivo, de tres sentimentos moi relacionados coa cultura galega en relación á terra e á paisaxe. A sección A describe a complexidade e amargura da *morriña*, co uso de acordes densos e tensos (con 7ª e notas de adorno disonantes) así como o aspecto introspectivo a través da música de cámara; a sección B describe a tenrura e beleza do *agarimo* con acordes sinxelos e con estatismo rítmico; a sección A' final describe a maxestuosidade e a grandeza da *loanza* a través do

emprego da orquestración completa ou *tutti*, e recorrendo de novo ó contrapunto imitativo onde todas as partes participan. Tamén podemos falar do emprego da nota pedal como elemento descritivo, significando que o autor fica sempre no mesmo lugar (o seu fogar, durante o confinamento do COVID-19), ollando dende a fiestra a nutrida paleta cromática de beleza que se pode contemplar dende calquera punto de Galicia.

- **Música de cámara / Música sinfónica:** a música desta parte está alternando entre pasaxes camerísticas (solistas con acompañamento, quinteto de metais, etc.) de expresión introvertida e intimista ou individualista, con pasaxes onde toca toda a banda, contrastando cunha expresión extrovertida e en sociedade.
- **Xénero tradicional: o Alalá:** xénero cantado, de expresión libre, que recibe o nome por onomatopeia ó empregarse a sílaba ‘la’ para realizar as ornamentacións melódicas. O “*Alalá das Mariñas*” é un dos máis coñecidos e versionados polos grupos folk dos últimos anos.
- **Canción galega de concerto:** o compositor compostelán ‘Chané’ é unha figura clave da primeira parte do século XX na creación da canción galega de concerto, seleccionando poemas dos poetas máis célebres da nosa literatura, e musicándoos para voz e piano xeralmente.

III. Retranca falcatrueira

- **Forma Scherzo:** evolucionada da estrutura do *Minuetto* ou *Minué*; é unha forma tamén tripartita (reexpositiva), de ritmo ternario, que presenta unha sección central noutro tono. O *scherzo* presenta un virtuosismo compositivo e unha lixeireza, que neste caso é idónea para presentar os temas corais “*O galopín*” e “*O rodaballo*” de maneira caricaturesca, case como unha brincadeira.
- **Hemiolia:** alteración rítmica que se presenta impoñendo 3 pulsos ou acentos equidistantes no lugar de 2, proporcionando unha sensación de cambio de compás.
- **Xénero tradicional: a Xota ou Foliada:** as 2 cancións populares seleccionadas encaixan rítmicamente dentro do patrón da xota galega, que se distingue doutras variantes ibéricas pola súa axilidade rítmica.

IV. Derradeira carallada: Muiñeira de Chantada

- **Forma Rondó:** alternancia de estribillo e copla. A súa orixe é unha danza en círculo caracterizada por unha melodía que se repite a modo de *ritornello*.
- **Fuga:** xénero musical consistente no emprego dun tema chamado *suxeito*, que se vai presentando e superpoñendo en cada unha das voces da textura polifónica. Na fuga de escola adoita ir acompañado de melodías contrapuntísticas que se repiten, chamadas *contrasuxeitos*.

- **Sinfonía cíclica:** é aquela que habitualmente retoma material doutros andamentos no andamento final. Neste caso, presenta unha coda na que se volve mencionar a introdución do andamento I, co Himno Galego, e unha secuencia harmónica a ritmo de muiñeira que foi extraída da introdución do andamento II. Tamén se pode considerar unha sinfonía cíclica polo emprego do motivo cíclico ou leitmotiv que cohesiona os temas principais de cada andamento (pentacordo ascendente).
- **Xénero tradicional: a Muiñeira:** a “Muiñeira de Chantada” é unha das pezas máis coñecidas do xénero dentro da terra e fóra das fronteiras. Tamén é unha das máis versionadas e interpretadas dentro do amplo espectro da música galega, e unha das máis bailadas nas romarías. A súa etimoloxía está xustificada por ser a danza que se bailaba durante as esperas para moer no muíño, onde se celebraba unha actividade cultural importante debido á confluencia dos veciños.
- **Percusión tradicional:** aínda que se trata dunha obra sinfónica, nesta parte o autor emprega instrumentos de percusión tradicionais galegos, para dotar de maior esencia tímbrica a sonoridade tradicional da muiñeira (bombo, pandeireta, pandeiro, tamboril e cunchas de vieira).



O motivo cíclico:

É unha célula melódica ou *leitmotiv* que dá cohesión a unidade nos temas principais de cada andamento. Trátase dun pentacordo ascendente dende a tónica ata a dominante, que está presente en:

- **Tema A do andamento I: “A saia da Carolina”**



- **Tema A do andamento II: “Alalá das Mariñas”**



- **Tema A do andamento IV: “Muiñeira de Chantada”**



ACTIVIDADES SUXERIDAS



Obra “Himno Galego”:

1. Analizar o poema “Os pinos” de Eduardo Pondal.



<https://www.himnogallego.com/espanol.htm>

2. Investigar sobre a figura literaria de Pondal.
3. Investigar sobre a figura musical de Pascual Veiga.
4. Investigar sobre a historia do Himno Galego (estrea, composición, etc.).
5. Aprender e cantar o Himno Galego de memoria sobre a música.



<https://www.youtube.com/watch?v=hmXAB9rvFWE>



Canción “A saia da Carolina”:

1. Aprender e cantar a melodía coa letra.



<https://folkotecagallega.com/pezas/pasodobles/a-saia-da-carolina/a-carolina-letra>



<https://www.youtube.com/watch?v=fZ83671VzbM>

2. Tocar con instrumentos da aula (*partitura Anexo 1*).



O canon:

1. Realizar un canon rítmico (proposta dunha secuencia rítmica e interpretar).
2. escoitar exemplos de canon.



<https://www.youtube.com/watch?v=NeOQTaZhIdo>



<https://www.youtube.com/watch?v=tuTePT4mLSo>



<https://www.youtube.com/watch?v=jJRdLZyOU4w>

3. Tocar e/ou cantar o canon de *Frere Jacques* (*partitura Anexo 2*).
4. escoitar o andamento III da Sinfonía nº1 de Gustav Mahler.



<https://www.youtube.com/watch?v=U5A5tFyXQio>

5. Tocar un canon melódico coa segunda melodía de A saia da Carolina.



Escalas:

1. Práctica de escalas nos instrumentos da aula.
2. Cantar a primeira melodía de “A saia da Carolina” e tocar simultaneamente o acompañamento en escala (*partitura Anexo 3*).



Canción “Ven bailar Carmiña”:

1. escoitar diferentes versións da canción.



<https://www.youtube.com/watch?v=70-PZXvhHyc>



<https://www.youtube.com/watch?v=14V1VPtLtWI>

2. Cantar a canción sobre a base das versións anteriores.




<https://www.musica.com/letras.asp?letra=2326938>



O pasodoble:

1. Aprender e tocar con percusión o ritmo do pasodoble.



2. Introducción nos pasos de danza do pasodoble por parellas.



<http://www.pasodobles.com/como-bailar-pasodobles/>

3. escoitar algún pasodoble de diferentes xéneros.



<https://www.youtube.com/watch?v=Osdg6ibxnWU>



<https://www.youtube.com/watch?v=AXhNbSL1OKM>

4. Bailar por parellas o pasodoble coa música de “A saia da Carolina” e “Ven bailar Carmiña”.



<https://www.youtube.com/watch?v=1JqlhxCIZAg>



<https://www.youtube.com/watch?v=FesbU8cPkFQ>



Canción “O sacristán de Coimbra”:

1. escoitar algunha versión e transcribir a letra.



<https://www.youtube.com/watch?v=FX0Oe8NZN94>



<https://www.youtube.com/watch?v=yWUJZTnuagY>

2. Tocar con instrumentos de percusión o acompañamento de pasodoble sobre a música.



A forma Sonata

1. escoitar exemplos de forma sonata e seguir auditivamente a estrutura:

- a. Exposición (temas A e B)
- b. Desenvolvemento (recoñecer a aparición dos temas)
- c. Reexposición (temas A e B)



<https://www.youtube.com/watch?v=DZz0Ow9c0ak>



<https://www.youtube.com/watch?v=ySMPD9RlgsA>

2. Propoñer argumentos literarios imaxinarios que se axeiten á música, e escoitar as sonatas seguindo a estrutura a través do argumento literario:

- a. Presentación (personaxes A e B)
- b. Nó (recoñecer os personaxes)
- c. Desenlace (personaxes A e B)

3. escoitar o audio do andamento I da Sinfonía Romaría detectando a estrutura e o argumento:

- a. Introducción (recoñecer as melodías populares)
- b. Exposición (recoñecer o Tema A, o tema da ponte e o Tema B)
- c. Desenvolvemento (recoñecer qué temas van aparecendo e cales se superpoñen)
- d. Reexposición (recoñecer o Tema B, o tema da ponte e o Tema A)



<https://www.youtube.com/watch?v=-kxSBCRMP-4&t=197s>



Canción “Alalá das Mariñas”

1. Investigar sobre o movemento migratorio de Galicia.
2. Cantar a melodía do “Alalá das Mariñas” coa sílaba ‘la’ e tocar o acompañamento cos instrumentos da aula.



<https://folkotecagalega.com/pezas/alalas/alala-das-marinas/alala-das-marinas-partitura>

3. Cantar a melodía do “Alalá das Mariñas” coa letra propia, sobre a música do arquivo MIDI.



<https://www.youtube.com/watch?v=vSjU73k67W8>



Canción “Os teus ollos”

1. escoitar diferentes versións da canción de ‘Chané’.



<https://www.youtube.com/watch?v=OhItwDea4LM&t=118s>



<https://www.youtube.com/watch?v=nXyN6u0Cj-A>



<https://www.youtube.com/watch?v=DG-HoNHkN6E>

2. Investigar sobre a figura literaria de Curros Enríquez.
3. Investigar sobre a figura musical de José Castro González ‘Chané’.



Léxico e cultura

1. Significado e contexto dos termos ‘morriña’, ‘agarimo’, ‘loanza’, ‘retranca’, ‘falcatruada’; crear textos narrativos ou poéticos que conteñan estas palabras, describindo aspectos culturais de Galicia.
2. Asociar exemplos musicais coñecidos ós termos anteriormente mencionados, seguindo o carácter da música.
3. escoitar o audio MIDI do andamento II da Sinfonía Romaría, detectando os temas e a estrutura, coa posibilidade de ir cantando as melodías coas respectivas letras.



<https://www.youtube.com/watch?v=vSjU73k67W8>

4. escoitar o audio MIDI do andamento II da Sinfonía Romaría, intentando asociar os termos 'morriña', 'agarimo' e 'loanza' a sonoridade e carácter da música nas súas respectivas seccións.



<https://www.youtube.com/watch?v=vSjU73k67W8>



Os acordes

1. En grupos de 3 alumnos, construír acordes diferentes a partir dunha nota proposta, e tocalos nos instrumentos de placas (cada alumno toca simultaneamente unha nota).
2. Propoñer unha melodía coñecida (ex. '*Himno da alegría*') e escribir un acorde por cada nota, para experimentar os cambios de sonoridade que producen.



Hemiolia

1. Explicar, entender e escoitar diversos exemplos de hemiolias.
2. Practicar a hemiolia de 3:2 a partir dun ritmo de discriminación tímbrica (o alumno aprende o ritmo coas dúas mans, e posteriormente emprega 2 superficies de tímbrica contrastante -ex: a man dereita con un bolígrafo na mesa e a man esquerda coa palma sobre a perna).

Man dereita
Man esquerda



Técnica do Hoquetus

1. Explicar a técnica e escoitar exemplos.



<https://www.youtube.com/watch?v=8XRkDNo0H6Q&t=122s>



<https://www.youtube.com/watch?v=t0mTu2NtT5U>

2. Realizar exercicios sinxelos dividindo a aula en 4 grupos con esta técnica (melódicos ou rítmicos).

Hoquetus "O Rodaballo"

The image shows a musical score for a hoquetus (hoquetus) titled "O Rodaballo". It is written for four voices (Soprano, Alto, Tenor, and Bass) in 3/4 time. The melody is simple, consisting of a few notes and rests. The lyrics are "Ui ai ai" and "Ui - ai - ai". The score is arranged in a four-part setting, with each voice part having its own line of music and lyrics.

Canción 'O galopín'

1. Cantar esta coñecida canción coa respectiva letra, facendo fincapé no virtuosismo silábico (case trabalinguas): 'para vir xunto a min, para vir xunto a min, vai lavalá cara, vai lavalá cara, vai lavalá cara galopín'.



<https://gentehabanera.org/el-galo-o-voso-galo-comadre/>

2. escoitar algunha versión coral.



<https://www.youtube.com/watch?v=iJP8HQxoNrM>



<https://www.youtube.com/watch?v=dJB31qNaZtc>

Canción 'O rodaballo'

1. escoitar algunha versión.



<https://www.youtube.com/watch?v=T6EGMeY70UQ>



https://www.youtube.com/watch?v=x_TI_rwweYo

2. Cantar esta canción dividindo a clase en 2 coros: antecedente e consecuente (1º verso grupo A, 2º verso grupo B, e 3º-4º versos todos).



<https://www.musica.com/letras.asp?letra=2326911>



A canción agochada

1. escoitar o audio MIDI do andamento III da Sinfonía Romaría para que os alumnos identifiquen as 2 cancións 'O galopín' e 'O rodaballo'.



<https://www.youtube.com/watch?v=xWaXez9Sua8>

2. Discriminación tímbrica: atinar os instrumentos que interpretan a melodía en cada momento durante a audición.
3. escoitar o audio MIDI do andamento III da Sinfonía Romaría marcando o pulso con palmas e detectando as hemiolias (0:28 – 0:34 – 1:07 – 1:21, etc.).



<https://www.youtube.com/watch?v=xWaXez9Sua8>

4. Idem identificando o momento do *Hoquetus* (1:49).



O rondó

1. escoitar cancións diferenciando estribillos de coplas ou estrofas.



<https://www.youtube.com/watch?v=cwNQCpndTUE>



https://www.youtube.com/watch?v=DHvfk99_KII

3. En grupos de 3 alumnos, compoñer unha canción moi sinxela en forma rondó ABACADA, na que o estribillo é ideado polos 3 alumnos en conxunto, e as estrofas ou coplas son aportas individualmente por un cada unha. Interpretar estas pezas sinxelas cos instrumentos da aula (*partitura de exemplo Anexo 3*).



A fuga

1. Explicar a composición básica da fuga (imitación en cada voz).
2. escoitar (e ver vídeos ilustrativos) de exemplos de fugas sinxelas.



<https://www.youtube.com/watch?v=NeOQTaZhIdo>



<https://www.youtube.com/watch?v=tuTePT4mLSo>



<https://www.youtube.com/watch?v=OxWGby417Ck>

4. Interpretar unha fuga sinxela cos instrumentos da aula ou cantando (*partitura de Anexo 5*).
3. escoitar o audio MIDI do andamento IV da Sinfonía Romaría observando a fuga inicial (que se constrúe dende os instrumentos graves ata os agudos) e a fuga final retrospectiva (que se constrúe á inversa -minuto 3:16-).



<https://www.youtube.com/watch?v=iNzTBYx6WRs>



A muiñeira

1. Aprender e tocar con instrumentos de percusión o ritmo básico da *muiñeira*.

Ritmo muiñeira

2. Aprender os pasos básicos de danza da *muiñeira*.



<https://www.youtube.com/watch?v=Px48LJZ3gmM>



Canción 'Muiñeira de Chantada'

1. Bailar a Muiñeira de Chantada na aula.



<https://www.youtube.com/watch?v=BoE7JoFNdTo>

2. escoitar a Muiñeira de Chantada en diferentes versións tocando simultaneamente o ritmo de muiñeira con instrumentos de percusión.



<https://www.youtube.com/watch?v=HrD7FV85Bt8>



<https://www.youtube.com/watch?v=twH-mv4273Y>



https://www.youtube.com/watch?v=wh3eZEnz_P4

3. Escotar o audio MIDI do andamento IV da Sinfonía Romaría tentando seguir o esquema do Rondó (Tema A -fuga-, Tema B, Tema A, Tema B, Tema A -fuga-, Coda).



<https://www.youtube.com/watch?v=iNzTBYx6WRs>

ANEXOS

Anexo I: 'A saia da Carolina'

Score

A saia da Carolina

arranxo: David Fiuza

The musical score is arranged in three systems, each with five staves. The first system includes a Flute (Frauta) part with a key signature of one sharp (F#) and a 2/4 time signature. It features a first and second ending. The three Xylophone parts (Xilófono 1, 2, and 3) provide harmonic support. The two Percussion parts (Percusión 1 and 2) play a steady rhythmic pattern. The second system begins at measure 10, and the third system begins at measure 18. The Flute part continues with melodic lines, while the Xylophones and Percussion maintain their respective parts.

Frta.

Xil. 1

Xil. 2

Xil. 3

Perc. 1

Perc. 2

10

18

Anexo II: Canon '*Frere Jacques*'

Score

Canon Frere Jacques

The score for 'Canon Frere Jacques' is written in 4/4 time. It consists of two staves. The first staff is labeled '1' and the second staff is labeled '2'. The music is a simple melody of eighth and quarter notes.

Anexo III: '*A saia da Carolina*'

Score

A saia da Carolina
acompanhamento canon-escala

The score for 'A saia da Carolina' is written in 2/4 time. It consists of two systems. The first system has two staves: 'Frauta/Voz' and 'Xilófono'. The second system has two staves: 'Fr./Voz' and 'Xil.'. The lyrics are written below the staves.

Frauta/Voz

A sa-ia da Ca - ro - li - na, ten un la-gar-to pin - ta - do - ,

Xilófono

Fr./Voz

can-do Ca-ro - li - na bai - la, o la - gar-to dá-íleó ra - bo - .

Xil.

Anexo IV: rondó

Score

Canción Rondó en grupos de 3 alumnos


ESTRIBILLO



5 Copla 1 (alumno 1)



13 ESTRIBILLO



17 Copla 2 (alumno 2)




25 ESTRIBILLO



29 Copla 3 (alumno 3)



37 ESTRIBILLO



Anexo V: Canon-Fuga

Fuga-Canon

opcional con ritmo de batería ou palmas

Allegro con swing

First system of the musical score, measures 1 to 5. It features four staves in 4/4 time with a key signature of one flat. The lyrics are:
Staff 1: Bran - ca, bran - ca.____ Eu son un - ha ne - gra - . O meu no-me é a cor -
Staff 2: (rest) (rest) Bran - ca, bran - ca.____ Eu son un - ha
Staff 3: (rest) (rest) (rest) (rest) Bran - ca,
Staff 4: (rest) (rest) (rest) (rest) (rest)

Second system of the musical score, measures 6 to 9. It continues with four staves in 4/4 time. The lyrics are:
Staff 1: che - a - . Ca - la, si - len - cio.
Staff 2: ne - gra - . O meu no-me é a cor - che - a - .
Staff 3: bran - ca.____ Eu son un - ha ne - gra - .
Staff 4: (rest) (rest) Bran - ca, bran - ca.____